

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN “AS BURGAS PARA EL TRATAMIENTO Y REHABILITACIÓN DEL ENFERMO ALCOHÓLICO” PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS DE DEPENDENCIA RELACIONADOS CO ALCOHOL, TABACO, XOGO E OUTRAS DEPENDENCIAS SEN SUBSTANCIA

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2017

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: Don Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E DOUTRA: Dona Emilia Martínez Santamaría, presidenta da asociación “As Burgas para el tratamiento y rehabilitación del enfermo alcohólico” con NIF: G-32025579, que actúa en nome e representación da mesma,

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

SEGUNDO.- Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

Así mesmo, a dita subdirección, segundo o Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, asumiu as funcións asistenciais que se lle asignaban ao Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas no Decreto 254/1997, do 10 de setembro, polo que se procede á creación do Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas.

Segundo o artigo único da Orde do 12 de marzo de 2007 pola que se regula a integración funcional dos centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas no Servizo Galego de Saúde, os centros de alcoholismo e de atención ás drogodependencias non alcohólicas que reciban financiamento da Comunidade Autónoma dependerán funcionalmente, en canto ao desenvolvemento de programas de intervención, do responsable de saúde mental de área.

TERCEIRO.- Que a asociación “As Burgas para el tratamiento y rehabilitación del enfermo alcohólico” é unha asociación privada sen ánimo de lucro que desenvolve programas de intervención e asistencia a condutas adictivas prioritariamente de carácter sanitario e que conta cos recursos humanos e materiais necesarios para desenvolver as actividades recollidas neste convenio.

Neste sentido, os dispositivos asistenciais da asociación contan coa debida autorización segundo o establecido na normativa vixente en materia de autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios na Comunidade Autónoma Galega.

A asociación “As Burgas para el tratamiento y rehabilitación del enfermo alcohólico” cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

CUARTO.- Que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento de actuacións conxuntas en materia de asistencia aos trastornos adictivos na Comunidade Autónoma Galega para acadar o fin común, que é o tratamento e curación destes pacientes.

Tendo en conta o exposto, ámbalas dúas partes consideran necesario o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para acadar un mellor funcionamento dos servizos sanitarios e unha mellora na saúde da poboación.

Por todo iso, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da asociación “As Burgas para el tratamiento y rehabilitación del enfermo alcohólico”, de programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e a atención desde un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos adictivos de dependencia relacionados co alcohol, tabaco, xogo e outras dependencias sen substancia atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde. No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

A prestación sanitaria axustarase ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia no tocante á atención especializada e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e

procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

SEGUNDA.- A prestación dos devanditos servizos levarase a cabo por parte dos profesionais que integran o equipo asistencial nos diferentes dispositivos da asociación.

TERCEIRA.- A asociación “As Burgas para el tratamiento y rehabilitación del enfermo alcohólico” comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e asume, ademais, os seguintes compromisos:

- a) Cumprir ás directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas polo Servizo Galego de Saúde.
- b) Realizar os rexistros necesarios do historial do paciente de acordo coas instrucións do Servizo Galego de Saúde.
- c) Deberán ter actualizados os rexistros de tal maneira que poidan remitir á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial a actividade dos usuarios, coa periodicidade que se lles indique, facendo constar:
 - 1. Número de admisións e intervencións realizadas (diferenciando primeiras consultas do resto da actividade).
 - 2. Ausencias ás consultas programadas.
 - 3. Actividade realizada nas unidades de día e comunidade terapéutica, se é o caso.
 - 4. Así mesmo, enviarase unha relación do número de solicitudes de admisión que lle acheguen e un informe onde conste se foron admitidas ou, no seu caso, rexeitadas, indicando a razón do seu rexeitamento.
- d) Colaborar coas medidas que o Servizo Galego de Saúde considere conveniente realizar para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe este convenio.
- e) Comunicar calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal.
- f) Manter actualizados os sistemas de información que estean en funcionamento nos dispositivos asistenciais.
- g) Coordinarse cos servizos de psiquiatría e saúde mental do seu ámbito de actuación, en orde á dependencia funcional en canto ao desenvolvemento dos programas de intervención do responsable de saúde mental de área.
- h) Axustarse á lei de protección de datos e ás instrucións sobre acceso á historia clínica do Servizo Galego de Saúde.

CUARTA.- Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a cantidade de cento corenta e oito mil cincocentos dous euros (**148.502 €**) con cargo a aplicación orzamentaria **5001.413A.481.23**, co código de proxecto **201400029**, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

QUINTA.- A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA.- A contía indicada na cláusula cuarta farase efectiva do seguinte xeito:

Logo da sinatura do convenio, poderase efectuar un pago anticipado do 25% do importe total do convenio, logo da presentación por parte da asociación dunha memoria coa descrición do programa de actividades que se van realizar durante a vixencia do convenio e sempre que a actividade comezase previamente á sinatura do convenio.

Ademais, poderanse realizar pagamentos parciais, a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de pagamento ocasionados polo desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos, así como achegar os xustificantes de pagamento dos gastos ocasionados.

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que no seu caso se houberan concedido non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercizo.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada incluíndo, no seu caso, o importe do anticipo a conta.

De acordo co artigo 65.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, os pagos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

SÉTIMA.- A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando a seguinte documentación:

- a) Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e pagos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos.
- b) Declaración das actividades realizadas e financiadas con este convenio indicando o custo repercutido para a entidade.

- c) Certificación da Asociación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.
- d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

1. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.
2. Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto deste convenio. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os realizados dende o 1 de decembro de 2016 até o 30 de novembro de 2017.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

A xustificación dos gastos deberá presentarse con anterioridade ao 15 de decembro. De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para os efectos deste convenio, considéranse gastos realizados os que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aqueles outros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.

3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente.
4. A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, que emitirá certificación favorable de ser conforme.
5. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA.- Con data límite do 30 de novembro de 2017 a asociación deberá achegar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial unha memoria das actividades realizadas obxecto deste convenio, segundo o modelo que se xunta como Anexo a este convenio.

NOVENA.- Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes da asociación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será a persoa competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en todo o que non se opoña á lei.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da asociación “As Burgas para el tratamiento y rehabilitación del enfermo alcohólico” que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO SEGUNDA.- Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

DÉCIMO TERCEIRA.- A asociación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercizo das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO CUARTA.- O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017.

DÉCIMO QUINTA.- Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade asínase polas partes este convenio en cuadruplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

**POLA ASOCIACIÓN “AS BURGAS PARA
EL TRATAMIENTO Y REHABILITACIÓN
DEL ENFERMO ALCOHÓLICO”**

Jesús Vázquez Almuíña

Emilia Martínez Santamaría

ANEXO

MEMORIA

1. Características básicas do dispositivo: data de inicio do funcionamento do centro, fotocopia cotexada do CIF, concellos de referencia, habitantes de referencia segundo os datos do INE a mes de xaneiro do ano en curso, organigrama, horario de funcionamento do centro, ubicación, número de despachos.
2. Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa asociación, indicando o nome, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión se son clínicos), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias, tipo de contrato.

3. Actividades realizadas:

- Pacientes atendidos no ano natural.
- Número de reunións de coordinación con dispositivos da rede de saúde mental.
- Programas sanitarios e psicosociais: data, denominación, descrición, poboación diana, poboación acadada se procede.

4. Balance de ingresos e gastos:

a) Ingresos:

- Informe que inclúa a contía de tódalas axudas económicas recibidas e a súa orixe e data de percepción (subvencións, doazóns e legados).
- Débedas con entidades de crédito.
- Ingresos e beneficios, se é o caso, de exercizos anteriores.
- Ingresos por cotas de socios.
- Outros ingresos: ingresos financeiros, por actividades de recadación.

b) Gastos:

- Gastos de persoal: retribucións básicas e complementarias, cotas á seguridade social, gastos de formación ao persoal, gastos de viaxes.
- Gastos de mantemento: arrendamento/aluguer, reparación e conservación, contratación de servizos, transportes, primas de seguros, subministracións, material de oficina, limpeza, traballos realizados por outras empresas.
- Tributos.
- Gastos e perdas de exercizos anteriores.
- Especificar outros gastos: financeiros, amortización de débedas.

5. Reclamacións presentadas polos usuarios: xuntar copia de tódalas reclamacións achegadas polos usuarios no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.